



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 28 de maio de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

#### **3.- BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020». EXPTE. 199226/301.**

Visto o informe xurídico do 13/05/2020 e o informe de fiscalización do 22/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.2. Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.3. En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2024 02:44

Páxina 1 de 19

SUBVENCIONS

CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

I.4. O Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social e en base ás competencias indicadas nos parágrafos anteriores, considera necesario continuar co funcionamento do programa denominado “Bono-taxi”, que ten por obxecto establecer axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso, non poden utilizar o transporte colectivo.

I.5. A mobilidade dentro das cidades é parte esencial da nosa vida cotiá: acceso ó lugar de traballo, hospitais, ambulatorios, relacións sociais, etc. A mobilidade dos individuos constitúe un elemento clave no desenvolvemento global e integrador na sociedade na que se enmarca. A medida que descende a capacidade de desprazamento das persoas maior é o seu afastamento dos elementos sociais nos que se desenvolve e, conseguintemente, maiores son os problemas de integración. É, polo tanto, unha necesidade para calquera cidadán poder desprazarse facilmente e con liberdade.

I.6. Con todo, o entorno non resulta igualmente accesible para todos. Existe un elevado número de persoas que por ter, temporal ou permanentemente, unha discapacidade ven a súa mobilidade reducida, necesitando a axuda doutra persoa para desprazarse ou sufrindo unha seria restrición do seu ámbito espacial de actuación.

Son, tamén, moitas persoas que, ó non dispor de vehículo propio dependen do transporte público e, precisamente, as que padecen algún problema de mobilidade son as que teñen unha maior dependencia deste tipo de transporte. Sen esquecer os custos económicos, sociais e medioambientais que o uso maioritario de transporte privado ocasiona tanto ó usuario como á sociedade en xeral.

Conclúese, pois, que o transporte é un elemento fundamental de integración na vida das persoas con discapacidade.

I.7. O taxi ten sido tradicionalmente o servizo público de transporte porta a porta, ten dispoñibilidade horaria e ás veces, hai unha atención personalizada do condutor. En contrapartida, é o sistema de transporte máis caro en superficie. Polo tanto, é un elemento clave no desprazamento de persoas con necesidades especiais de mobilidade, de ahí a importancia que ten a mellora da súa accesibilidade.

I.8. Polo anterior, a convocatoria das axudas individuais que se achega, ven a establecer o marco de actuación para o procedemento aplicable ó longo do ano 2020, respectando os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Aclárase que, debido á situación excepcional creada pola pandemia do COVID-19, obviamente non se procederá á apertura do prazo de presentación de solicitudes en tanto no estea plenamente operativo o servizo do Rexistro xeral municipal.

I.9. O Concello de Vigo, na convocatoria das subvencións para o programa bono-taxi, prevé un contrato cunha entidade bancaria que emitirá unha tarxeta prepago. Trala carga do diñeiro na tarxeta por parte do Concello, o usuario da mesma pode realizar operacións ata consumir o saldo dispoñible ou ata a finalización do prazo establecido.

O titular da tarxeta prepago será o Concello de Vigo. A operatividade da tarxeta restrinxirase ó uso do sector de actividade da categoría comercial “taxis”; desta forma garántese que o usuario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 2 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

I.10. Para subvencionar ás persoas beneficiarias do programa “Bono-taxi” 2020 cóntase cunha partida específica por importe de 25.000€ (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11: “Subvencións taxi discapacitados”).

I.11. A lexislación aplicable é a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico das subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polo Regulamento de Subvencións e polas propias bases da convocatoria e demais normas de desenvolvemento.

I.12. Pola materia obxecto deste expediente (axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que non dispoñen de vehículo privado nin poden utilizar o transporte colectivo) e a finalidade perseguida (garantir a mobilidade dun colectivo de persoas en situación de vulnerabilidade), enténdese que a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación das bases reguladoras das subvencións destinadas a proporcionar, no exercicio de 2020, mediante a utilización do “Bono-taxi”, un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

SEGUNDO: Aprobar as «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 199226/301).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 25.000€ (VINTECINCO MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 dos orzamentos municipais (“Subvencións taxi discapacitados”).

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitíranse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 3 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“datos estruturados”). Cando se rexistre a convocatoria na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación, de acordo co establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**«BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020»**  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

II

En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, é intención do Concello de Vigo convocar, un ano máis, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

**BASES**

**PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras. Convocatoria.**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas do programa denominado “Bono-taxi”. Trátase de axudas económicas de carácter individual que concede



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 4 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

o Concello de Vigo a persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, co obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

En cumprimento do disposto na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e na demais normativa aplicable, as Bases reguladoras destas subvencións deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local e publicadas no BOP de Pontevedra. O extracto da convocatoria será publicada no mesmo diario oficial por conducto da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### SEGUNDA.- Finalidade das subvencións.

A finalidade destas axudas económicas é a de favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

### TERCEIRA.- Financiamento.

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 "Subvención taxis discapacitados". Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento.

### CUARTA.- Contía das subvencións.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre as persoas usuarias, segundo os tramos de ingresos que a continuación se sinalan, sendo a contía máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300.00 €
Entre 600,01€ e 800,00€	200.00 €
Entre 800,01€ e 1.344,60€	100.00 €

Cando o Concello teña coñecemento, de que un usuario non vaia a facer uso da tarxeta (por falecemento, traslado fora do termo municipal, etc.) e o saldo existente sexa superior a 100€ será adxudicado á seguinte persoa da lista de agarda.

### QUINTA.- Beneficiarios/as das subvencións.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo poderá denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lles impide o desprazamento en taxi.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 5 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## SEXTA.- Requisitos dos/as solicitantes.

Poderán solicitar a subvención destinada a “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciba a axuda.
- b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.
- c) Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, ou tarxeta acreditativa emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H).
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio.
- e) Non dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 € mensuais).
- f) Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do “bono-taxi”, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante e para a asignación do importe da subvención.

Para o cómputo dos recursos económicos terase en conta a renda persoal neta do solicitante do último exercicio fiscal.

- No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal neta a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.
- No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos ou sexa menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda *per cápita* da unidade familiar e deberá achegar a declaración do IRPF

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

- ➔ Rendementos do traballo
- ➔ Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- ➔ Rendementos das actividades económicas
- ➔ Outros rendementos que consten na declaración.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

- g) Estar ó corrente nos pagamentos coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 6 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

### SÉTIMA.- Solicitude e documentación.

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade. A solicitude, segundo modelo do Anexo, irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Fotocopia do certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa do grado de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, *no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo*

Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a subvención en anos anteriores nona presentarán de novo.

- 3) Declaración responsable segundo modelo Anexo na que se faga constar:
  - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da L.38/2003, xeral de subvencións e 10 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e que non ten pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.
  - Que non é titular de vehículo automóbil propio.
  - Que acepta as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
  - Que se compromete a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

- 4) Xustificación documental dos recursos económicos:

- 4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:

- Certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2018, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir (\*). Teranse en conta os ingresos anuais correspondentes o derradeiro exercicio do IRPF.
- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (\*).

(\*). Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4.2) Se a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

(\*). Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 7 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar neta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa (\*).

(\*). Só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

- 5) Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas “bono-taxi”, segundo modelo Anexo.

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

#### **OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ó modelo normalizado (Anexo).

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nos centros de Servizos Sociais Municipais e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

A solicitude implicará a autorización ó Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, ós efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

#### **NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións.**

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o Departamento de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 8 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

O órgano instrutor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder despréndese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Benestar social, a Xefa do Servizo e á técnica responsable do programa “bono-taxi”, ou persoas en que deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira.

### **DÉCIMA.- Prazo de resolución e notificación.**

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de tres (3) meses, que se contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme co previsto no Art. 24 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da publicidade que deste proceso se faga na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” <http://transparencia.vigo.org>. Publicarase a relación das persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e o seu DNI/NIE/Pasaporte), axudas concedidas ou desestimadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS).

As persoas beneficiarias terán un prazo dun (1) mes para retirar a súa tarxeta, dende o día seguinte ó da notificación da concesión. De non facelo nese prazo, a tarxeta anularase e o seu importe concederáselle ás seguintes persoas da lista de agarda.

### **DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade.**

Esta subvención será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública ou entidade.

### **DECIMOSEGUNDA.- Pagamentos.**

Esta subvención concrétese na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dentro do termo municipal de Vigo. Os pagamentos serán efectuados a través dunha tarxeta prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención.

### **DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización.**

- a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo. As tarxetas serán de uso exclusivo no Termo Municipal de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 9 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- b) Os beneficiarios contarán cunha tarxeta prepago na que se estamparán o seu nome e apelidos, sen custo ningún para o beneficiario.
- c) A contía da subvención cargarase na tarxeta prepago no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.
- d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo (Departamento de Benestar social). O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión da tarxeta prepago, incluíndo o envío ó número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.
- e) A persoa titular deberá asinar a tarxeta e, no momento do pagamento, fixarse no importe que asina.
- f) A tarxeta prepago para “bono-taxi” estará operativa ata que sexa aprobada no próximo ano a convocatoria de solicitude destas axudas.
- g) A tarxeta entregarase inactiva, será o Concello de Vigo quen propoña a súa activación a entidade bancaria colaboradora. Nun prazo máximo de 72 horas estará activada.  
A persoa beneficiaria non téñ que ir a entidade bancaria.
- h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ó/a beneficiario/a pola entidade bancaria colaboradora mediante SMS ó móbil que sinalou na súa solicitude. Se non achegou número de móbil a tarxeta actívase igualmente.
- i) O número secreto de PIN comunicáraselle ó beneficiario da axuda a través de SMS ó seu móbil. Para facer o pagamento no taxi non é necesario o PIN, se o taxista o pide nono poña, pulse a tecla verde no TPV.
- j) Para coñecer o saldo dispoñible da tarxeta pode facelo nun caixeiro da entidade bancaria colaboradora utilizando o PIN que lle foi enviado nun sms ao seu teléfono; ou a través da web <https://www.damemisaldo.com> pondo o seu número de tarxeta prepago
- k) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902.121.314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepago do Concello de Vigo, ou comunicar o extravío no Concello.
- l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ó seu goce.
- m) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagamentos con este tipo de tarxeta e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira. É recomendable que o usuario poña en coñecemento do taxista, antes de comezar a carreira, que vai facer o pagamento da viaxe coa tarxeta prepago “bono-taxi”, para asegurarse de que é posible o pagamento con tarxeta de banda magnética.
- n) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.
- o) A operatividade da tarxeta restrinxirase ó uso do sector de actividade da categoría comercial “taxis”; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

#### DECIMOCUARTA.- Réxime de recursos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 10 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ó da notificación/publicación do acto que se recorra. Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes recursos:

### DECIMOQUINTA.- Tratamento de datos persoais.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

Cando se registre a convocatoria destas axudas na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación ó abeiro do establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

### DECIMO SEXTA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento (RD 887/2006, do 21 de xuño), a lexislación básica do Estado de Réxime local, a L.9/2007, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 11 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

 Concello de Vigo C.I.F. P3605700H Praza do Rei 1 - 36202 Tel. 986 810 100	<b>ANEXO I - IMPRESO DE SOLICITUDE</b>  <b>SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI</b>  CONCELLERÍA POLÍTICA BENESTAR SOCIAL	Selo rexistro
---	---	---------------

¿Solicita por primeira vez o BONO-TAXI?	SI	NON
---	----	-----

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos				* Teléfono Fixo	* Teléfono móvil (obrigatorio)		
	<b>ENDEREZO FISCAL</b>								
	* Nome da rúa, praza, etc			* Número	Portal	Escalera	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento		Correo electrónico			

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono 1		Teléfono 2	
	Nome da rúa, praza, etc			Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico				

DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA COA QUE CONVIVE:

* DNI ou CIF	* Nome e apelidos	Data de nacemento	Teléfono 1
--------------	-------------------	-------------------	------------

\*Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS			
* este apartado só se cubrirá se o/a <b>solicitante</b> carece de ingresos ou é menor de idade			
Apelidos e Nome	Parentesco co solicitante	CONCEPTO INGRESOS (traballo, pensión, RISGA, desemprego)	SINATURA
Solicitante			



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 12 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

**Nº EXPEDIENTE  
RELACIONADO  
(SE PROCEDE)**

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web [www.vigo.org](http://www.vigo.org). Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

- Mensaxe (SMS) ao móbil:
- Correo electrónico.

A persoas asinantes autorizan ao Concello de Vigo (Departamento de Benestar Social) a obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados, os documentos e certificados necesarios para a tramitación desta solicitude.

*O/A solicitante declara que os datos que figuran nesta solicitude son certos.*



Concello de Vigo  
C.I.F. P3605700H  
Praza do Rei 1 - 36202  
Tel: 986 810 100

## SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

### CONCELLERÍA POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

Páx.

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. Documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial)
- 2) Fotocopia do certificado do grao de discapacidade, ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo (aquelas persoas que teñen a certificación definitiva e xa solicitaran a subvención en anos anteriores non a presentarán de novo).
- 3) Declaración responsable, Anexo II, na que se faga constar:
  - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social e coa Xunta).
  - Non ser titular de vehículo automóbil propio.
  - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
  - Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal.
- 4) Xustificación documental dos recursos económicos:
  - 4.1) Teranse en conta os *ingresos da persoa solicitante* que achegará, en todo caso:
    - Certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2018, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir. (terase en conta o ano do último exercicio do IRPF) (\*)
    - Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (\*)

(\*) só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT, segundo modelo que se anexa.

4.2) No caso de que a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación có solicitante. (\*)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 13 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(\*) só no caso de que o cónxuxe ou parella de feito do solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT, segundo modelo que se anexa.

4.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar neta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa. (\*)

(\*) só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT, segundo modelo que se anexa.

5) Anexo III- Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas "bono-taxi"

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.



Concello de Vigo  
C.I.F. P3605700H  
Praza do Rei 1 - 36202  
Tel: 986 810 100

## SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

CONCELLERÍA  
POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

### ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE DA AXUDA

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_

Representante legal:

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións e, en particular, non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.
- Non ser titular de vehículo automóbil propio.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Utilizar a axuda para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

Vigo, .....de .....de 2020



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 14 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Concello de Vigo**

Asdo: .....  
(O/a solicitante ou representante legal )



**Concello de Vigo**  
C.I.F. P3605700H  
Praza do Rei 1 - 36202  
Tel: 986 810 100

## SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

CONCELLERÍA  
POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

### ANEXO III - CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

“Eu, Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_,

Representante legal:

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_,

Quedo informado/a de que, por virtude do contrato de servizos bancarios subscrito entre o CONCELLO DE VIGO e ABANCA esta última é a entidade financeira emisora das tarxetas prepagamento da marca VISA das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido das axudas ós discapacitados. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a ABANCA coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilízalos para emitir ó meu favor, estampar e gravar a correspondente tarxeta, da que será titular o CONCELLO DE VIGO, así como para realizar as operacións e procesos relativos á súa activación e xestión, incluíndo o envío ó meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe. Quedo así mesmo informado/a de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO á ABANCA, poderei exercer, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ó Servizo de Atención ó Cliente de ABANCA: Rúa de San Andrés 135-137, baixo (A Coruña, CP 15003) / [atencioncliente@abanca](mailto:atencioncliente@abanca).

Vigo, .....de .....de 2020

Asdo: .....  
(O/a solicitante ou representante legal )



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 15 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020»

**Bases reguladoras**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSONAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº \_\_\_\_ do \_\_\_\_\_.

**Crédito orzamentario.**

O importe total das subvencións a conceder no excederá do límite de 25.000€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvencións taxis discapacitados”).

**Obxectivo, finalidade e destinatarios.**

Trátase de axudas económicas de carácter individual que se conceden a aquelas persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar o transporte público colectivo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo alternativo de desprazamento en taxi.

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, conforme ó procedemento establecido nas bases e de acordo cos principios de publicidade e obxectividade.

**Requisitos.**

Poderán solicitar as axudas de “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos na Base sexta.

**Instrución e resolución: órganos competentes.**

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Departamento de Benestar social do Concello de Vigo. A proposta de resolución corresponderá ó órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local, por proposta desa Comisión, acordará estimar ou desestimar as solicitudes.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal e axustarse ó modelo normalizado (Anexo I). Deberán ir acompañadas da documentación indicada na Base sétima e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da L.39/2015.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 16 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e os termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro oficial de anuncios do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse tamén no seu "Portal de Transparencia e Bo Goberno" <http://transparencia.vigo.org>

### Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitimará ós interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

### Recursos.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, de ser o caso, publicación do acto que se recorra ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da notificación/publicación do acto.

### Criterios de valoración e distribución das axudas.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, 25.000€, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias segundo os tramos de ingresos que a seguir se sinalan, sendo a máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€ .

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300.00 €
Entre 600,01€ e 800,00€	200.00 €
Entre 800,01€ e 1,344,60€	100.00 €

### Publicidade.

A resolución do procedemento notificaráselle ás persoas interesadas, sen prexuízo da publicidade que se faga na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social e no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" <http://transparencia.vigo.org>. Publicarase a relación das persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e o seu DNI/NIE/Pasaporte), axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Cando se rexistre a convocatoria destas axudas na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación ó abeiro do establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 17 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE «SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020»

De conformidade co previsto nos arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA do Programa de axudas indicado. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS.

**Obxectivo, finalidade e destinatarios.**

Trátase de axudas económicas de carácter individual que se conceden a aquelas persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar o transporte público colectivo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo alternativo de desprazamento en taxi.

**Bases reguladoras**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº \_\_\_\_ do \_\_\_\_\_.

**Crédito orzamentario.**

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”).

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia.

**Requisitos.**

Poderán solicitar as axudas de “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos na Base sexta.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal e axustarase ao modelo normalizado (Anexo I). Deberán ir acompañadas da documentación indicada na Base sétima e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da L.39/2015. O prazo será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria

**Prazo de resolución e notificación.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 18 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitimará aos interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 02:44	Páxina 19 de 19
SUBVENCIONS	CSV: A6AE4E-EE22E5-CF212F-Q4ZJPZ-7P96CH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		